

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN**

EXTRACTO da Resolución do 23 de abril de 2020 pola que se convocan para o ano 2020 as axudas para a concesión de subvencións para o fomento da participación galega no Programa marco de investigación e innovación da Unión Europea, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (código de procedemento IN607H). (Axudas para o desenvolvemento dunha proposta individual presentada á fase II do instrumento peme do Programa marco).

BDNS (Identif.): 505049.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios

Poderán ter a condición de beneficiarios, segundo o artigo 3 da convocatoria e das bases reguladoras, as pemes. Deberanse ter en conta, ademais, as definicións recollidas no anexo I das bases reguladoras.

Non poderán ser beneficiarias destas axudas aquelas entidades que se atopen nas excepcións recollidas no artigo 1.3 do Regulamento (UE) 651/2014.

Segundo. Obxecto

Esta resolución ten por obxecto aprobar a convocatoria para o ano 2020 da liña 2.2 das axudas para o fomento da participación galega de calidade no Programa marco da Unión Europea:

– Liña 2.2 (código de procedemento administrativo IN607H): axudas para o desenvolvemento dunha proposta individual presentada a algunha das convocatorias da fase II do instrumento peme do Programa marco sempre que esta acadase unha avaliación igual ou superior aos 12 puntos ou fose distinguida co selo de excelencia.

Tamén serán subvencionables aquelas propostas individuais de calidade presentadas á nova acción piloto do Consello Europeo de Innovación que dá continuidade ao instrumento



peme, sempre que estas sexan compatibles coas bases reguladoras destas axudas e a presente convocatoria. Estas propostas deberán contar con selo de excelencia ou cunha nota de avaliación suficiente para a súa obtención.

Deberase ter en conta o resto de condicións e requisitos incluídos no artigo 1 da convocatoria.

Terceiro. *Convocatoria de axudas*

A concesión destas axudas nas diferentes liñas realizarase a través dun réxime de concorrencia non competitiva. Considerase a orde de presentación de solicitudes como único criterio de concesión, unha vez que se comprobe o cumprimento dos requisitos de subvencionabilidade previstos nesta convocatoria e nas bases reguladoras (DOG do 11.7.2019). Deste xeito, as solicitudes atenderanse por orde cronolóxica ata o esgotamento do crédito consignado, considerándose como data de presentación aquela en que unha solicitude reúna toda a documentación requirida, unha vez emendadas todas as posibles deficiencias.

Cuarto. *Contía*

As axudas que se convocan concederanse en forma de subvención como unha porcentaxe do investimento subvencionable considerando sempre os seguintes importes máximos

– No caso de actividades de desenvolvemento experimental: o 35 % deste investimento para empresas medianas, e do 45 % para empresas pequenas.

– No caso de actividades de innovación en materia de procesos e organización: o 50 % deste investimento.

Sempre respectando, en ambos os casos, que o importe máximo da subvención por proxecto non supere os 800.000 euros.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo para presentar as solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta convocatoria permanecendo aberta ata o 30 de novembro de 2020, ou ata o esgotamento dos fondos asignados no caso en que se produza con anterioridade a esta data.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2020

Patricia Argerey Vilar
Directora da Axencia Galega de Innovación

CVE-DOG: r11vltq4-kwz7-y2b5-clg0-oirzc2ldxd83

